



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

BANDO MUNICIPAL Nº: 1/2026

Don José Ángel Penas García, Alcalde-Presidente do Concello de Toques (A Coruña);

INFORMA:

Que O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO da Consellería de Medioambiente e Cambio Climático acaba de publicar unha convocatoria **de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos**. Procedemento (MT-402A).

Serán obxecto de subvención as seguintes actuacións:

- **a) Actuacións de restauración e/ou revestimento de elementos de fachada.**
- **b) Remate, renovación e/ou substitución do acabado exterior de cubertas.**
- **c) Recuperación, restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos.**

NOTA: Tódolos materiais empregados estarán adaptados aos criterios da guía de cor e materiais de Galicia.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Memoria técnica das actuacións, que deberá conter, como mínimo, descrición de traballos ou actividades, relación valorada, orzamento detallado, e co IVE desagregado, calendario e prazo aproximado de execución.
- Documentación que acredite a titularidade da actuación solicitada.
- Reportaxe fotográfica do ben o cal se vai a actuar: exteriores e da contorna en que se aprecie o elemento ou elementos obxecto da actuación.
- Licencia urbanística ou compromiso de contar con ela para a execución da actuación.

IMPORTE SUBVENCIONABLE

- O importe da subvención será do **70 % do orzamento** do investimento subvencionable, co límite máximo de **3.000 €**

As solicitudes faranse por medios electrónicos a través da sede electrónica da xunta.

O prazo das solicitudes remata o 16 de febreiro de 2026

Para máis información poden acercarse polas dependencias municipais.

Toques, 16 de Xaneiro de 2026.

O Alcalde,